

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 10 DE ABRIL DE 2.015

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as catorce horas e dez minutos do día 10 de abril de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE OUTEIRO DE REI. DELIMITACION DO NÚCLEO RURAL COMÚN DE A FRANCA

Iníciase o debate coa exposición, polo Alcalde, do contido da proposta, explicando que se trata de voltar a aprobar o proxecto xa aprobado provisionalmente neste Pleno fai uns meses, se ben introducindo unha serie de modificacións impostas nalgúns dos informes sectoriais recabados, se ben estas modificacións non son sustanciais.

Ao voceiro do BNG parécelle un dispendio convocar un Pleno extraordinario para aprobar exclusivamente este punto. Noutra orde de cousas, reitera a súa postura expresada noutros plenos, segundo a cal este xeito de actuar non é senón poñer parches no urbanismo municipal a medida que van xurdindo os problemas, en troques de dar unha solución global, e afirma que a razón de ser da proposta de modificación puntual das NNSS é o intento de legalización dunha vivenda cuxa licenza de obra outorgada polo concello foi anulada e sobor a que recae unha orde de demolición da Xunta de Galicia.

O Alcalde afirma que canto antes se aprobe a delimitación antes se pode crear unha situación urbanística que permita desenvolver a zona, e iso é motivo suficiente para convocar o Pleno. Asemade, a posición deste equipo de goberno é solucionar os problemas, e por iso se fai esta modificación.

O voceiro do BNG afirma que os problemas que pretenden solucionar son os problemas creados polo propio goberno municipal, nesta ou en anteriores lexislaturas. E insiste en que aquí no urbanismo non participa ninguén. Básicamente se fai o que decide o Alcalde, sen dar participación algunha aos veciños nin aos seus representantes.

O voceiro do PSdG-PSOE remítese asemade a súa postura de plenos anteriores, según a cal a normativa actual é moi rixida e non permite a flexibilidade que require a adecuación do urbanismo ás necesidades da xente e á evolución da sociedade. E o peor é que a proposta de nova Lei do Solo que se está a debater non soamente non corrixe esta situación, que a agrava en algúns aspectos.

O Alcalde dí compartir gran parte das opinións expresadas polo voceiro do PSdG-PSOE, se ben na tramitación dos expedientes non queda máis remedio que axustarse á normativa vixente e atender ao contido dos informes sectoriais.

Ao voceiro do BNG respóstalle que o Concello non é quen ten o problema, senón a xente, os veciños. E o que ten que facer o Concello é arranxar os problemas dos veciños.

Por outra banda, cando o bipartito gobernou a Xunta e se adicou a suspender algúns planeamentos, non suspendeu o de este Concello, e onde o fixo o Tribunal de Xustiza anulou esta decisión.

Conclúe que, tendo os informes favorables para continuar a tramitación, e sendo beneficioso para os veciños, o que farán será votar a favor de aprobar provisionalmente a modificación puntual proposta.

Sométese a votación a proposta de aprobación provisional da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Outeiro de Rei: Delimitación do Núcleo Rural de A Franca.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal popular, e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as 14:30 minutos, e da que eu, Secretario, estendo e asino o presente acta.

Asdo.: O Secretario

VºBº; O Alcalde